

PROTOCOLO INTERNO DE USO DA AULA DE POLOS CREATIVOS

1. Persoas usuarias

Poderá solicitar a utilización da Aula de polos creativos do centro e o seu equipamento todo o persoal docente, alumnado e familias tanto do centro como de toda a contorna, empregando sempre as canles de solicitude en prazo e forma establecidas neste protocolo e respectando as preferencias de uso indicadas no apartado 2.

2. Preferencias de uso

1. Profesorado de proxectos de centro (EDLG, Igualdade, Monte Vivo, polos, TIL etc.)
2. Profesorado de proxectos interdisciplinares ou novas metodoloxías
3. Profesorado do departamento de Tecnoloxía
4. Profesorado das diferentes materias
5. Alumnado e profesorado pertencentes ao Club TIC (nos recreos)
6. Alumnado, profesorado e familias que soliciten o espazo

ACLARACIÓN DE USO: a Aula de polos creativos non é un espazo para a realización de gardas.

3. Procedemento de uso da Aula de polos creativos

Para o emprego da Aula de polos creativos cómpre cubrir a solicitude no calendario de Google Calendar Polos aínda que xa estea reservada para esa hora, será a persoa encargada quen determinará a quen lle corresponde a prioridade de uso.

O equipo de Polos será o encargado de xestionar o antes posible a reserva do espazo de acordo coas preferencias de uso indicadas no apartado anterior. De non ter realizado a reserva da aula, esta non se poderá utilizar sen autorización previa.

No momento da solicitude indicárase a data e hora da reserva (hora de comezo e hora de fin) así como a finalidade e o enderezo de correo electrónico onde desexemos que nos comuniquen se o uso da aula está concedido ou non.

O calendario actualizado estará sempre a disposición dos usuarios na páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/>.

A Aula de polos creativos estará dispoñible para o seu uso durante o horario lectivo establecido polo centro. Fóra deste horario, requirirase unha autorización especial do equipo directivo.

Para os **proxectos de centro anuais** a reserva do espazo realizarase ao comezo do curso indicando o número de horas que se precisan e o equipamento que vai ser empregado.

No caso dos **proxectos trimestrais**, sexan interdisciplinares ou non, a reserva farase un mes antes de que comece o trimestre en cuestión.

Para o **resto de casos**, isto é, usos puntuais da aula, xa sexa para a impartición dunha soa unidade ou secuencia didáctica ou non, a reserva farase cunha antelación mínima de 15 días indicando ao igual que nos casos anteriores as horas necesarias e o equipamento que vai ser empregado.

Excepcionalmente poderase facer uso da Aula de polos creativos sen reserva, sempre que estea xustificado e autorizado previamente.

4. Evidencias de uso

Ao remate do uso da Aula de polos creativos, e nun prazo máximo de 15 días, todas as persoas usuarias deberán entregar unha memoria de uso (completando un modelo sinxelo) no correo electrónico iesfelixmurielbs@gmail.com.

5. Comunicación de incidencias

A Aula de polos creativos é un espazo de traballo e agárdase que as persoas usuarias o manteñan limpo e ordenado.

Cada persoa deberá deixar o equipamento que utilizase no mesmo estado en que o atopou, apagado e gardado correctamente.

Se se detecta algún problema na aula, deberase comunicar inmediatamente ao equipo de Polos ou á persoa responsable nese momento da aula.

As incidencias que deberán ser comunicadas inclúen calquera fallo no equipamento, danos na moblaxe ou nos equipamentos ou calquera situación que afecte ao normal funcionamento da aula.

As persoas usuarias deberán colaborar na identificación da incidencia e proporcionar toda a información necesaria para a súa resolución.

Ademais, a persoa responsable da aula nese momento deberá anotar dixitalmente as incidencias en cor vermella nun arquivo de Google Calendar destinado á xestión de incidencias, aloxado na pantalla interactiva da aula. Esta persoa ou na súa falta o equipo de Polos deberá informar os usuarios afectados sobre o estado da resolución da incidencia.

O incumprimento das normas de uso do presente protocolo poderá ser motivo da denegación do uso do espazo en futuras ocasións.

Lémbrese que o equipamento da Aula de polos creativos e os seus accesorios son propiedade do centro e deberán ser utilizados exclusivamente para fins educativos.

As persoas usuarias deberán facer un uso adecuado e seguro do equipamento e serán responsables de calquera dano causado ao equipamento ou software instalados.

Este protocolo de uso deberá ser coñecido por todas as persoas usuarias da aula e no momento da súa transmisión ao alumnado deberá facerse especial fincapé na importancia de cumprilo para garantir o correcto funcionamento do equipamento e a seguridade das persoas.

A utilización da Aula de polos creativos implica a aceptación deste protocolo de uso e das consecuencias da súa aplicación..